


VII CONCURSO TRABAJO POR PROXECTOS (MODALIDADE 1)




PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

ARDIA 2020-2021



LOGO



MASCOTA

INTRODUCCIÓN

O título deste proxecto leva o nome que recibe o lugar onde está situado o colexio, Ardia, na entrada de O Grove. Iniciouse no curso 19-20 por decisión do Claustro trala análise das inquiredanzas amosadas polo alumnado nas asembleas de clase. Unha das temáticas que máis interesaba era os deportes. Como no verán do 2020 ían ser as Olimpíadas de Tokio os mestres decidimos que éste sería o tema de investigación poñendo de título ao Proxecto: **Ardia 2020**. E así comezamos con moita forza un proxecto que foi moi ben acollido por toda a comunidade educativa. Cando chegou o confinamento tiñamos moitas actividades realizadas e o desenvolvemento do proxecto ía co bo ritmo, pero ao non poder facer a clausura decidimos darlle continuidade no curso 20-21 e así rematar o proxecto que foi renomeado **Ardia 2021**.

Este proxecto contribúe ao desenvolvemento de contidos curriculares e a súa planificación parte dos estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación concretados no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Cada mestre na súa programación de aula integra as tarefas do proxecto en relación coas diferentes áreas de aprendizaxe. As competencias clave son traballadas e avaliadas a través das tarefas programadas no proxecto. Destacar:

-Competencia dixital: a tecnoloxía está presente ao longo de todo o proceso dende a fase de investigación na que empregan ordenadores e tablets ata as tarefas finais gravando vídeos no Croma ou utilizando novas aplicacións para as presentacións dos traballos como Canva ou Padlet.

-Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e tecnoloxía. A competencia matemática está moi presente no mundo dos deportes: rexistro de puntuacións nas competicións, uso e interpretación de táboas como o medalleiro olímpico, a investigación sobre os récords olímpicos nos diferentes deportes, as superficies dos países investigados...

-Aprender a aprender: buscando a inferencia/transferencia de aprendizaxes e aplicando o adquirido a outros contextos.

-**Competencias sociais e cívicas:** traballando a pertenza a un grupo social (neste caso do país escollido) con características e intereses comúns a todos os membros, a través da aprendizaxe cooperativa.

-**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** buscando a repercusión social e o impacto do noso traballo na Comunidade Educativa, divulgando e expoñendo as ideas e as tarefas finais a través de diferentes medios.

-**Competencia lingüística** a través da elaboración da documentación, da comunicación dos traballos en exposicións, na divulgación das actividades a través da radio escolar e dos vídeos gravados para a comunidade educativa.

-**Conciencia e expresións culturais** a través da valoración das culturas dos diferentes países, dos diferentes deportes e do significado do movemento olímpico.

O alumnado de Educación Infantil e Primaria (230 en total) é o principal protagonista do proxecto. Todas as actividades deseñadas están pensadas para que o noso alumnado investigue, seleccione a información atopada, aprenda, se responsabilice asumindo tarefas, comparta coñecementos elaborando os seus propios traballos e vivencie experiencias reais a través da práctica de diferentes modalidades deportivas.

Aínda que este proxecto parece máis directamente relacionado cos contidos das áreas de Educación Física e Ciencias Sociais e Naturais, abarcáronse contidos de todas as áreas, xa que todo o profesorado do centro (titores e especialistas) participou no desenvolvemento do mesmo con actividades relacionadas cos contidos das súas áreas de aprendizaxe.

Para o desenvolvemento do proxecto estableceuse un calendario con actividades para cada trimestre aínda que dadas as circunstancias especiais do último curso os tempos de entrega das tarefas finais foron flexibilizados bastante.

TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

A temática do proxecto foron Os Xogos Olímpicos de verán e todo o que implica a filosofía do olimpismo: investigaron e aprenderon deportes, sedes, persoas relevantes, aspectos culturais dos países escollidos que representaba cada grupo-aula...

BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

No curso 19-20 decidiuse realizar unha reunión para recoller as ideas de cada equipo de nivel no mes de Setembro. Logo concretáronse nun único [documento](#) para todo o profesorado. Nel figuraban as actividades de cada trimestre, o alumnado implicado e o calendario das mesmas. Unha vez iniciado o proxecto, seguíronse facendo reunións mensuais para facer un seguimento do mesmo, compartir as valoracións do realizado e organizar novas actividades.

No seguinte curso 20-21 elaborouse un [novo documento](#) con actividades que quedarán sen rematar, unha nova elección de países para investigar e a organización da posta en práctica de novos deportes olímpicos.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

No curso 19-20 o Equipo de Biblioteca e os seus axudantes de 6º seleccionaron os fondos bibliográficos para pór a disposición do profesorado e do alumnado en expositores temáticos e por etapas educativas. No curso 20-21 os libros foron seleccionados en función do país escollido por cada grupo-aula e entregados en caixas aos titores.

Tamén seleccionáronse recursos atopados na rede que podían resultar interesantes e compartíronse no taboleiro de Pinterest: <https://www.pinterest.es/valleincln/pdi-ardia-2020/> e no blog da biblioteca <http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com/p/pdi-ardia-2020.html>.

Documentación elaborada para profesorado: [Proposta de actividades Ardia 2020](#); [Proposta de actividades Ardia 2021](#); [Programación Cerimonia de Apertura](#); [Día da Paz Premios Nobel](#).

Documentación elaborada para alumnado: [Obra teatro](#) ;[Ficha Xogo Mulleres Olímpicas](#); [Documento Para saber máis sobre as Olímpicas](#); [Mural xogo-laberinto polo Día da paz](#); Regulamentos das competicións: [Fútbol](#), [Remo](#), [Tiro con arco](#), [Baloncesto](#), [Hockey](#), [Golf](#).

RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

CURSO 19-20

TAREFAS	PARTICIPANTES	DATA
Certame de debuxo para creación de logo e mascota.	Infantil e Primaria fan os debuxos, as familias votan on-line para escoller o logo e mascota do PDI.	Outubro
Baile inaugural “Los Juegos Olímpicos”.	Infantil e Primaria bailan no patio tras varios ensaios nas clases de Educación Física.	Outubro
Que sabemos e que queremos saber?	Infantil e Primaria analizan o que saben sobre as Olimpíadas e elaboran preguntas para investigar nas assembleas de clase.	Outubro
Reparto de continentes por niveis e elección de países. Preparación de delegacións.	Infantil: países europeos. 1º-2º Primaria: países de América. 3º-4º Primaria: países africanos. 5º-6º Primaria: países de Asia e Oceanía.	1º trimestre
Elaboración de chapas . (Biblioteca creativa).	Axudantes de biblioteca de 5º- 6º Primaria fan chapas co logo para agasallar na Xornada de portas abertas.	Outubro
Xornada de portas abertas e xincana olímpica.	Infantil e Primaria participan na presentación do PDI ás familias na biblioteca e na realización dunha xincana deportiva por todo o centro.	Día das Bibliotecas Escolares

Preparación da cerimonia inaugural.	Infantil e Primaria pintan as súas camisetas para a cerimonia inaugural e as competicións dos tempos de lecer.	1º trimestre
Exposición de murais.	4º Primaria realizou traballos sobre as disciplinas do Atletismo en EF.	1º trimestre
Traballos na área de Lingua Inglesa.	5º Primaria investiga os deportes e récords olímpicos; 6º realiza o Muro das Olimpíadas .	1º trimestre
Samaín olímpico.	Infantil e Primaria coa colaboración das familias decorando cabazas olímpicas.	Outubro
Creación do himno “ <i>Ardia 2020</i> ”.	Alumnado de Infantil e Primaria aprenden o himno composto pola mestra de música.	1º trimestre
Representación teatral dirixida pola responsable da biblioteca.	4º Primaria representa para todo o cole unha pequena obra sobre o o logro de Kathrine Switzer .	Día contra a violencia de xénero
Pavos olímpicos.	Alumnado de 1º e 2º Primaria deseñan pavos olímpicos na materia de plástica en lingua inglesa.	Día de acción de grazas en EEUU.
Charla informativa Asociación Amizade.	5º e 6º Primaria reciben unha charla con deportistas discapacitados da AA.	Día das persoas discapacidade.
Práctica de Deportes Paralímpicos en EF.	Voleibol Sentado en 1º Primaria; Boccia en 2º Primaria; Goalball en 3º Primaria.	Decembro

<p>Cerimonia inaugural</p> <p>Vídeos-resumo elaborado polo Equipo TICS.</p>	<p>Infantil e Primaria fan o paseo da antorcha polo barrio de Ardia acompañados das familias e celebran a Cerimonia de Apertura.</p>	<p>Día dos Dereitos Humanos</p>
<p>Mural Aros olímpicos.</p>	<p>Actividade inter-niveis Infantil e Primaria pintan Aros Olímpicos coas mans.</p>	<p>Día da Paz</p>
<p>Competicións: Fútbol, Remo, Tiro con arco e Baloncesto.</p>	<p>Infantil e Primaria realizan adestramentos nas clases de EF e competicións nos tempos de lecer.</p>	<p>1º- 2º trimestre</p>
<p>Respostas da investigación</p> <p><i>Que queremos saber?</i></p>	<p>3º e 4º Primaria presentan as respostas ás preguntas formuladas polo resto.</p>	<p>2º trimestre</p>
<p>Exposición Deportes Olímpicos de Equipo.</p>	<p>4º Primaria elabora e expone traballos sobre Deportes de Equipo en EF.</p>	<p>2º trimestre</p>
<p>Vídeos presentación dos países escollidos para a investigación.</p>	<p>4º Infantil: España</p> <p>1º Primaria: Brasil e Argentina</p> <p>2º Primaria: EEUU 3º Primaria: Senegal</p> <p>4º Primaria: Kenia e Tanzania</p>	<p>2º trimestre</p>
<p>Murais e programas de radio sobre Deportistas solidarios</p>	<p>4º, 5º e 6º de Primaria investigan sobre deportistas solidarios na área de inglés.</p>	<p>Día da paz</p>
<p>Mandadiños do Meco</p> <p>Desfile e comparsas</p> <p>Vídeos-resumo</p>	<p>Infantil e Primaria participan nas actividades do Entroido en colaboración coas familias. Cada grupo disfrázase dun deporte olímpico.</p>	<p>Entroido</p>
<p>Candidatura de O Grove como Sede Olímpica.</p>	<p>Alumnado de 6º Primaria iniciou a súa tarefa final.</p>	<p>2º trimestre</p>

Xogo-concurso Mulleres Olímpicas.	Infantil e Primaria participan no xogo proposto pola biblioteca na semana do Día da Muller sobre Mulleres Olímpicas.	Día da Muller
Cómics deportivos	4º Primaria elabora Cómics deportivos.	2º trimestre
Marcapáxinas Ardia 2020	Infantil e Primaria no confinamento.	Día do libro

CURSO 20-21

Reparto de continentes por niveis e elección de novos países.	Infantil: Países de América 1º-2º: Países de África 3º-4º: Países de Asia e Oceanía 5º-6º: Países de Europa	Setembro
Murais sobre os novos países de investigación.	2º Primaria- Exipto e Camerún 3º Primaria- Xapón 6º Primaria- Alemaña	1º trimestre
Xogando ás adiviñas deportivas.	2º Primaria xoga coas tarxetas da Biblioteca creativa.	Plan lector 1º trimestre
Olímpicos na radio escolar.	5º Primaria realiza varios episodios na radio sobre os olímpicos relevantes investigados.	1º trimestre
Videoconferencia Enrique Navas.	4º Primaria realiza videoconferencia co piragüista Enrique Navas.	Día das persoas con discapacidade
Padlet de Deportes paralímpicos.	4º Primaria investiga, presenta e publica os traballos nun padlet na área de EF.	1º trimestre

Mural navideño.	5º Primaria realiza mural coas bandeiras dos países e mensaxes navideños nos diferentes idiomas.	1º trimestre
Entroido Países.	Infantil e Primaria elaboran disfraces que representan a cultura dos países escollidos. As familias colaboran na elaboración dos disfraces de Ed. Infantil.	2º trimestre
Tarefas finais: Vídeos presentación dos países investigados.	4º Infantil Venezuela 5º Infantil EEUU-Nova York 6º Infantil Costa Rica 1º Primaria República D. do Congo 2º Primaria Exipto e Camerún 3º Primaria Xapón 4º Primaria Nova Zelanda e China 5º Primaria Rusia e Italia 6º Primaria Alemaña , Noruega	2º - 3º trimestre
As mulleres móvense.	As familias participan na elaboración deste vídeo enviándonos fotos practicando deporte cos seus fillos e fillas ao correo da biblio.	Día da muller.
Curiosidades deportivas na radio escolar.	2º Primaria elabora episodios na radio sobre curiosidades deportivas.	2º e 3º trimestre
Creación de Medallas Olímpicas Impresión 3D	6º Primaria aprende Deseño e Impresión 3D e elaboran medallas olímpicas co logo do proxecto para todo o centro.	2º - 3º trimestre

Programas de radio sobre persoas de Noruega.	6º Primaria elabora episodios na radio sobre persoas importantes do seu país.	2º-3º trimestre
Competicións: Velocidade , Medio fondo , Salto Lonxitude , Hockey , Golf e Baloncesto .	Infantil e Primaria realizan competicións dentro da programación de Psicomotricidade e Educación Física.	Os tres trimestres.
Tarefas finais: Creación de libros informativos colaborativos	Infantil, 1º e 2º Deportes Olímpicos de verán . 3º e 4º Sedes Olímpicas . 5º e 6º Figuras Olímpicas Mundiales .	3º trimestre
Cerimonia Clausura	Infantil e Primaria reciben as medallas olímpicas, realizan actuación musical e baile en homenaxe a Teresa Portela encargada de apagar o noso pebeteiro olímpico.	22 Xuño

RECURSOS UTILIZADOS. ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

1. Recursos humanos:

- Alumnado: protagonistas do proxecto.
- Mestres: guías e axentes motivadores.
- Familias; colaboradores imprescindibles na maioría das actividades.
- Profesionais do sector: Asociación Amizade, deportistas como Enrique Navas e olímpicos como Teresa Portela, David Mascato, Fredi Bea e Isabel García.
- Xornalistas da prensa que divulgaron as actividades.

2. Recursos materiais:

- Recursos da biblioteca: [fondos bibliográficos](#), [xogos de mesa](#), ordenadores e tablets con conexión a internet, radio escolar, croma, escornabots, impresora 3D...
- Libros e outros materiais aportados polas familias e os mestres para as bibliotecas de aula.

3. Recursos en internet.

Publicábanse no [blog da biblioteca](#) (pestanas do PDI) e no [taboleiro de Pinterest](#) os enlaces que fomos seleccionando segundo as actividades propostas. As principais fontes consultadas foron:

- <https://www.protocolo.org/ceremonial/protocolo-deportivo/carta-olimpica-principios-fundamental-es-movimiento-olimpico.html>
- <https://www.significados.com/antorcha-olimpica/>
- https://es.wikipedia.org/wiki/Juegos_Ol%C3%ADmpicos
- <https://www.paralimpicos.es/deportes-paralimpicos>
- <https://www.paredro.com/pictogramas-tokio-2020-olimpiadas/>
- <https://olympics.com/tokyo-2020/es/games/emblem/>
- <https://www.los-deportes.info/juegos-olimpicos-de-verano-lista-jue-s16-c0-b0-j0.html>
- <https://sites.google.com/site/wedwsdefrgth/sedes-de-los-juegos-olimpicos>
- <https://tribunaolimpica.publico.es/articulo/historia/grandes-atletas-historia-olimpica/20190331190550004343.html>

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Podemos estar orgullosos da implicación da nosa comunidade educativa ao completo. O **alumnado de Infantil e Primaria** participou de forma activa en todas as actividades e realizaron unhas tarefas finais excelentes. O 100% do **profesorado** implicouse no desenvolvemento do proxecto e integrou as tarefas nas súas programacións de aula. As **familias** puideron participar moito máis no curso 19-20 que foi todo un éxito dende o principio con actividades como a xincana olímpica na Xornada de Portas Abertas; a votación on-line do logo e mascota; no pintado das camisetas dos nosos deportistas en Infantil; a asistencia á

Cerimonia Inaugural na que ademais contamos coa colaboración de pais e nais olímpicos como por exemplo Teresa Portela que fixo o discurso de apertura dos nosos Xogos; colaboración na elaboración de cabzas olímpicas; elaboración de disfraces de Infantil para o Entroido; participación en programas de radio; aportación de fotografías para montaxe de vídeos; actividades durante o confinamento...

Para motivar a súa implicación foi imprescindible a comunicación de boletíns informativos que se lles enviaba polo AbalarMóbil e publicacións no blog de biblioteca e do PDI: Exemplos: [Programa Xornada de portas abertas](#), [Programa Cerimonia Inaugural](#).

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Fíxose a difusión dos traballos realizados polo alumnado a través de diferentes medios:

-Na web oficial do colexio pódese atopar o enlace ao blog do proxecto:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalleinclangrove/>

-No blog da biblioteca:

<http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com.es/>

-No blog do PDI Ardia 2020

<https://ardia2020.blogspot.com>

-Na rede social Pinterest:

<https://www.pinterest.es/valleincln/pdi-ardia-2020/>

-Publicación de vídeos en Youtube

-Programas de RADIO V.I., a nosa radio escolar. (Programa *Radio na biblio*).

https://www.ivoox.com/podcast-ardia-2020-2021_sq_f11110138_1.html

-Prensa da Provincia de Pontevedra (A Voz, Faro de Vigo)

-Boletíns informativos da Biblioteca (Comisión de Biblioteca)

-Comunicacións coas familias a través da aplicación *Abalar Móbil*.

- Presentación na Xornada de portas abertas da Biblioteca en Outubro 2019 para as familias.

- No curso 2020-21 elaborouse un [Genially](#) coa recopilación de tarefas finais.

AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS.

A referencia legal que empregamos é o *Decreto 105/2014, de 4 de setembro*, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada mestre selecciona aqueles criterios de avaliación relacionados coa súa área para avaliar o seu alumnado. En todas as áreas temos criterios de avaliación moi relacionados coa aprendizaxe por proxectos destacando a modo de resumo:

- Investigar, reflexionar e debatir.
- Comparar e seleccionar a información válida.
- Presentar os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
- Explicar aos seus compañeiros e compañeiras o investigado e aprendido.
- Coñecer e valorar a cultura e costumes doutros países.
- Coñecer deportes e pór en práctica o aprendido.
- Respetar as normas dos deportes e xogar con deportividade.
- Investigar ás persoas importantes a nivel mundial e valorar os seus logros.
- Ter iniciativas propias e respectar as ideas dos demais.
- Traballar en equipo e resolver as diferencias a través do diálogo.

Competencias Clave:

Competencia Aprender a aprender. No traballo por proxectos esta pode ser a competencia que máis se traballa, xa que o propio alumnado é o protagonista de todo o proceso desenvolvendo habilidades para o tratamento de textos, realización de traballos, capacidade para facer resumos e seleccionar a información relevante, valorando todo o que estaban aprendendo.

Comunicación lingüística. O dominio das destrezas comunicativas realizouse a través das actividades de divulgación do proxecto nas que os propios alumnos e alumnas comunican os

resultados das tarefas finais a través de diferentes medios: exposicións de murais, elaboración de libros, elaboración de vídeos e programas de radio...

Competencia dixital. A busca de información na internet e a tarefa de editar e documentar implicou unha maior competencia no uso e manexo dos ordenadores e outros dispositivos móbiles, ademais da aprendizaxe de novas aplicacións como Canva, Padlet ou Genially.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. O uso dos números e as operacións lóxico-matemáticas foron traballadas o longo de todo o proceso por exemplo no rexistro de puntuacións nas competicións. Tamén a aprendizaxe do deseño e impresión 3D para facer as medallas olímpicas dos nosos Xogos deixan clara a competencia acadada polo alumnado nas novas tecnoloxías.

Competencia social e cívica. As actividades conxuntas realizadas ó longo destes dous cursos contribuíron á mellora das habilidades sociais do noso alumnado que soubo traballar en equipo compartindo coñecementos, acadando retos e resolvendo conflitos rexeitando as condutas non adecuadas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. O feito de que a temática do proxecto sexa escollida polo alumnado fai que aumente o seu sentido de iniciativa e o espírito emprendedor queda reflexado en moitas das actividades e sobre todo no resultado das tarefas finais.

Conciencia e expresións culturais. Esta competencia traballouse a través das diferentes investigacións realizadas sobre os países, persoas relevantes, deportes olímpicos e paralímpicos... respectando as diferencias entre as culturas e costumes dos países investigados, contaxiándose do espírito olímpico, valorando os diferentes deportes...

PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

Os **instrumentos e ferramentas de avaliación** empregados para a avaliación foron:

Observación directa e sistemática: permítenos detectar unha alta participación por parte de alumnado, profesorado e familias.

Rexistro anecdótico: no que rexistramos todas as incidencias e anécdotas relacionadas co proxecto ao longo do curso.

Autoavaliación e coavaliación: todas as persoas que participamos no proxecto reflexionamos sobre o que aportamos ao mesmo, comentando as posibilidades de mellora nas reunións do profesorado.

Memoria Final: as actividades realizadas en torno ao proxecto quedan rexistradas na Memoria Final da biblioteca que se inclúe na Memoria Final do Centro, de maneira que a comunidade educativa poderá revisar todas as actividades e suxerir propostas de mellora ante futuros proxectos a través do Consello Escolar e na Comisión de Biblioteca. Nesta memoria queda recollido que as actividades propostas no programa inicial do 2019 foron acadadas case na súa totalidade. Quedou únicamente sen rematar a presentación de 6º Primaria no curso 19-20 sobre a Candidatura do Concello de O Grove como Sede Olímpica no 2032 que foi cancelada polo confinamento. O resto das tarefas finais foron acadadas de forma satisfactoria ao longo destes dous cursos escolares.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

-Coordinamos as actividades de apoio ao PDI xunto cos outros equipos de traballo do centro propoñendo actuacións e recollendo as ideas doutros. Un martes ao mes, reuníamos todo o profesorado para concretar as actuacións conxuntas que se ía levar a cabo durante cada mes en relación ao PDI.

-Buscamos e seleccionamos documentación que contribuíra a levar a cabo o PDI, a través de diferentes soportes: fondos rexistrados na biblioteca e nas aulas en expositores temáticos e por etapas educativas, enlaces e recursos en internet [colgados no blog](#), fondos da Biblioteca Municipal, recursos do Concello de O Grove...

-Orientamos ao alumnado que acudía á biblioteca na busca de libros para os seus traballos de investigación ou no uso dos ordenadores.

-Actualizamos os [fondos bibliográficos](#) mercando libros e outros recursos de apoio ao PDI. (libros informativos, contos relacionados co proxecto...).

-[Acondicionamos espazos](#): Adicamos un recuncho especial para os expositores do proxecto e realizamos decorados acordes coa temática na biblioteca e nos [corredores do centro](#).

-Organizamos encontros en colaboración cos mestres e outros profesionais da comunidade educativa: Teresa Portela, nai dunha alumna e piragüista olímpica, Asociación Amizade, videoconferencia con Enrique Navas, exposicións dos traballos a través de vídeos e radio.

-Documentamos, editamos e publicamos traballos do alumnado. Os traballos finais que fixeron os alumnos foron encadernados e rexistrados na biblioteca do centro, publicados no blog en [formato dixital](#) ou no [blog do PDI](#) a través de vídeos e fotografías.

- Elaboramos material multimedia coa Aplicación [Genially](#) para recoller as presentacións feitas polo alumnado nun único enlace e facilitar a localización dos vídeos dos países destes dous cursos escolares.